



## COMPOSTELA ABERTA Á CULTURA | Unha proposta de política cultural

### A cultura, ben común.

**Temos unha visión da cultura plural e aberta. Cultura é cultura cidadá, servizo público, ben común;** aquilo que non pertencendo en propiedade a ninguén é dereito e responsabilidade de todos e todas ([Culturas de lo común, Antonio Lafuente](#)). Cultura é polo tanto a capacidade que, como comunidade, temos de crear, xestionar, compartir e cuestionar a representación e a experimentación da nosa realidade colectiva. Dita capacidade é de todos e todas, atravesa calquera faceta das nosas vidas, dende a historia e lingua ata a ciencia e a arte, pasando polas cousas cotiás como o comer e o vestir. A cultura está presente en todos os lugares e en todas as iniciativas como eixo transversal da vida en común, xunto co noso patrimonio histórico material e inmaterial, constitúe a fonte fundamental de desenvolvemento social e económico da cidade de Compostela.

Co obxectivo de defender e fortalecer esta visión da cultura como ferramenta de desenvolvemento social, cohesión comunitaria e diálogo colectivo, no exercicio da política como responsabilidade e dereito común, **consideramos imprescindible que o eixo fundamental de calquera política cultural desenvolvida polo concello consista en dotar á cidadanía de estruturas, recursos e medios de participación para xestionar a cultura.** É dicir, na creación e desenvolvemento de mecanismos de toma de decisións na política cultural que empoderen á cidadanía e transformen ao concello nun axente mediador, encargado de dar soporte ás iniciativas culturais da cidade e actuar en sitios onde non chegue a sociedade en lugar de actuar como un axente cultural que compite deslealmente e censura, baixo criterios personalistas, as iniciativas de personas, colectivos, cooperativas e empresas. As políticas culturais como instrumentos e estruturas de participación non deben cumprir unicamente funcións de fornecedoras de cultura, senón de redistribuidoras dos recursos e da riqueza cultural que xeramos.

### VALORES OU PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS NOS QUE SE BASEA ESTA PROPOSTA

- **Transparencia:** A xestión da cultura debe ser transparente en todas as súas fases, tanto os procesos de toma de decisión, como os modos de produción ou os investimentos adicados á cultura deben ser accesibles á cidadanía de xeito pormenorizado, didáctico, claro e aberto.
- **Participación:** A xestión da cultura debe ser participativa e dotarse de estruturas de toma de decisión que teñan en conta tanto aos veciños e veciñas da cidade, como aos e ás axentes culturais e profesionais que traballan nese ámbito e contan cunha formación específica.
- **Accesibilidade:** A cultura é un dereito universal, un ben común do que todos e todas participamos, a cidadanía non debe ter acceso á cultura unicamente como se fose un ben de consumo, se non que debe participar activamente dela en todas as fases do seu desenvolvemento.
- **Transversalidade:** A cultura non debe entenderse como un obxectivo en si mesmo, senón como unha correa de transmisión de valores, ideas e creatividade asociada a calquera área de actividade e da vida e non restrinxila ao ámbito especializado dos artistas nin aos obxectivos específicos da programación cultural.
- **Descentralización:** A cultura debe fomentarse en todas partes, nos barrios, nas rúas, nos centros sociais, non atesourarse en centros pechados á cidadanía. A cultura debe xurdir, producirse e compartirse en rede, de xeito aberto e distribuído.

- **Diversidade:** A cultura é diversa, a xestión cultural debe atender a dita diversidade, fomentar e apoiar a investigación, a innovación e a creatividade, a mestura de estilos formatos e xeitos de facer.

## **OBRIGAS QUE DEBE ASUMIR COMPOSTELA ABERTA NA SÚA CANDIDATURA RESPECTO Á CULTURA**

- **Exercer a responsabilidade** compartida coa cidadanía e os diferentes colectivos sociais na defensa, recuperación, conservación e posta e valor e difusión dos patrimonios materiais e inmateriais propios: etnográficos, lingüísticos, artísticos, históricos, arquitectónicos, científico-tecnolóxicos, naturais, etc. prestando especial atención a aqueles que se atopan nunha clara situación de ameaza como a lingua galega ou o medio ambiente.
- **Recoñecer, facilitar, acompañar e promover** os proxectos culturais de Compostela, fomentando o diálogo creativo entre tradición e vangarda, apoiando as iniciativas culturais e axudando ao seu desenvolvemento autónomo e consolidación.
- **Garantir a igualdade**, a atención a diversidade, a redistribución e o traballo en rede a través de sistemas de democracia participativa que inclúan nos procesos de toma de decisión á cidadanía e os e as axentes culturais.

## **RETOS CULTURAIS DA CANDIDATURA PARA A LEXISLATURA**

### **RETO 1: RECUPERAR A VITALIDADE CULTURAL DA CIDADE**

Queremos desenvolver a idea de cultura na cidade como alternativa ao concepto de Cidade da Cultura, devolver a cultura á cidadanía como algo propio, non como un ben de consumo. Dada a grave situación de precariedade material e inmaterial, non exclusivamente económica senón afectiva, discursiva, formativa, tecnolóxica, infraestrutural na que se atopan hoxe a maior parte dos e das axentes culturais, asociacións, colectivos, cooperativas e empresas adicadas á cultura en Compostela, que foi provocada pola ausencia histórica dunha política cultural actualizada, eficiente, aberta e plural sostida a longo prazo, **consideramos o reto prioritario deste programa recuperar a vitalidade cultural da cidade perdida ao longo dos últimos anos**, reestablecer o diálogo cos e coas axentes culturais do concello e enmendar a fenda aberta entre a cidadanía como comunidade cultural e a cultura institucional.

#### **1.1 Liña estratéxica 1: Ordenación do sector**

1.1.1. **Liña de acción 1:** Diagnose e inventario de recursos culturais

1.1.1.1.1. Acción 1: Recollida e catalogación de recursos

1.1.1.1.2. Acción 2: Recuperar a memoria histórica de iniciativas culturais da cidade que desapareceron

1.1.2. **Liña de acción 2:** Plan de accesibilidade e comunicación dos recursos

1.1.2.1. Acción 3: Adecuación e adaptación dos recursos culturais para que sexan accesibles

1.1.2.2. Acción 4: Elaboración e difusión do catálogo de recursos

1.1.2.3. Acción 5: Creación dunha ferramenta dixital colaborativa para a comunicación e a difusión dos recursos culturais na cidade

#### **1.2. Liña estratéxica 2: Protección e fomento das artes ao vivo**

1.2.1. **Liña de acción 3:** Procura de solucións á programación de música e artes vivas en locais

1.2.1.1. Acción 6: Creación dunha mesa de diálogo con hosteleiros, veciños, artistas e concello para elaborar un regulamento que garanta as actuacións nos locais

1.2.1.2. Acción 7: Creación dunha rede local de artes ao vivo

1.2.2. **Liña de acción 4:** Recoñecemento das artes na rúa coma un dos valores culturais da

cidade.

1.2.2.1. Acción 8: Elaboración dun directorio de puntos activos de arte na rúa recollidos en planos e guías turísticas.

1.2.2.2. Acción 9: Plan de activación das artes nos parques e zonas verdes da cidade

### **1.3. Liña estratéxica 3: Fortalecemento da cooperación**

1.3.1. **Liña de acción 5:** Fomento de sinerxias co tecido institucional, social, cultural, educativo, turístico, comercial, relixioso e hosteleiro para crear unha unidade coordinada que xestione proxectos conxuntos e promocióne a cidade histórica como centro de reunión e congresos internacionais.

1.3.1.1. Acción 10: Desenvolvemento dun programa específico para potenciar a colaboración coa Universidade de Santiago

1.3.1.2. Acción 11: Desenvolvemento dun programa específico para potenciar a colaboración coa Igrexa

1.3.1.3. Acción 12: Deseñar unha estratexia de coordinación cultural coa Xunta de Galicia.

1.3.1.4. Acción 13: Creación dun cheque cultural que permita desgravar nos tributos locais xustificando o consumo de cultura na cidade.

1.3.1.5. Acción 14: Creación dunha etiqueta de responsabilidade cultural para o comercio

1.3.1.6. Acción 15: Recoñecemento doutras manifestacións culturais como os centros sociais ocupados da Algalia, do Sar e de Filgueiriñas.

1.3.1.7. Acción 16: Promover a cesión de espazos e medios municipais para a súa utilización por parte de artistas e veciñanza.

1.3.1.8. Acción 17: Reactivación dende a xestión pública da rede de locais de ensaio.

### **1.4. Liña estratéxica 4: Identidade e posicionamento cultural**

1.4.1. **Liña de acción 6:** Defensa e promoción da lingua galega para incrementar o número de falantes e a súa presenza na vida cultural da cidade.

1.4.1.1. Acción 18: Priorizar o uso do galego a nivel municipal como obriga institucional e en todas as actividades realizadas no concello.

1.4.1.2. Acción 19: Fomentar o cumprimento e desenvolver a Lei Valentín Paz Andrade.

1.4.1.3. Acción 20: Recuperación e preservación da microtoponimia como patrimonio cultural vivo.

1.4.2. **Liña de acción 7:** Compostela Cidade das Letras

1.4.2.1. Acción 21: Promover a literatura como figura preferente de transmisión cultural a través de festivais que poñan en valor os recursos literarios asociados á cidade, e outros eventos que leven as letras a espazos non habituais e a todos os barrios.

1.4.2.2. Acción 22: Fomentar a lectura e o tecido asociativo e profesional que a mantén a través de residencias, sesións de lectura e escrita e actividades que combinen a literatura con outras linguaxes.

1.4.3. **Liña de acción 8:** Favorecer as conexións culturais internacionais

1.4.2.1. Acción 23: Incorporar as producións culturais da comunidade lusófona ás programacións da cidade.

1.4.2.2. Acción 24: Establecemento de vínculos culturais con cidades europeas a partir de elementos comúns de afinidade (Camiño de Santiago, Cidades Patrimonio, etc.)

## **RETO 2: EMPODERAR CULTURALMENTE A SOCIEDADE**

Queremos promover unha visión transversal da cultura, presente en todas as áreas do concello, e consideramos que **o eixo fundamental da política cultural de Compostela debe dirixirse a empoderar culturalmente a sociedade**, devolvendo a soberanía cultural as veciñas e os veciños, poñendo a disposición da cidadanía todos os recursos culturais de Compostela e concibindo o público non por oposición ao privado se non como o espazo do común.

### **2.1. Liña estratéxica 5: Xestión comunitaria**

2.1.1. **Liña de acción 9:** Plan de formación continua

- 2.1.1.1. Acción 25: Realización de obradoiros para a formación en procesos participativos e coñecemento directo de experiencias levadas a cabo noutros contextos
- 2.1.1.1. Acción 26: Titorización e seguemento de procesos participativos

2.1.2. **Liña de acción 10:** Articulación de procedementos de participación cidadá

- 2.1.2.1. Acción 27: Posta en marcha dunha experiencia piloto de xestión comunitaria de equipamentos de proximidade (centros socio-culturais, por exemplo)

## **2.2. Liña estratéxica 6: Participación veciñal**

2.2.1. **Liña de acción 11:** Fomentar as ferramentas de participación

- 2.2.1.1. Acción 28: Activación de comunidades culturais
- 2.2.1.2. Acción 29: Creación de grupos de acción cultural nos barrios

## **RETO 3: TRANSFORMAR AS POLÍTICAS CULTURAIS MUNICIPAIS**

**Consideramos que o concello debe transformarse nun axente mediador en lugar dun axente programador**, que a produción cultural debe descentralizarse e desestacionalizarse. Propoñemos promover unha **xestión comunitaria dos equipamentos de proximidade**, articulando procedementos de participación cidadá, activando comunidades culturais e facilitando a formación para a xestión comunitaria dos recursos públicos. Simultaneamente propoñemos profesionalizar, dotar de transparencia e dar **autonomía xurídica e financeira aos equipamentos culturais de referencia**, dotándoos dun proxecto coordinado e duns obxectivos avaliados e públicos, ademais de órganos colexiados de participación e control cidadán.

## **3.1. Liña estratéxica 7: Transformación das estruturas de goberno**

3.1.1. **Liña de acción 12:** Competencias culturais

- 3.1.1.1. Acción 30: Elaboración dun plan para trasladar fóra da concellaría de cultura as competencias en política cultural
- 3.1.1.2. Acción 31: Creación dunha segunda tenencia de alcaldía como novo órgano de goberno transversal para coordinar as políticas culturais
- 3.1.1.3. Acción 32: Creación dun equipo técnico que garanta a aplicación transversal da acción cultural a todos os demais departamentos

3.1.2. **Liña de acción 13:** Xestión dos recursos públicos

- 3.1.2.1. Acción 33: Elaboración dun novo modelo de convocatorias abertas para apoiar proxectos culturais
- 3.1.2.2. Acción 34: Elaboración de indicadores para medir o retorno á comunidade das actividades apoiadas desde o concello

3.1.3. **Liña de acción 14:** Democracia participativa

- 3.1.3.1. Acción 35: Posta en marcha da asemblea cidadá da cultura, encargada de orientar as estratexias culturais e confeccionar os orzamentos
- 3.1.3.2. Acción 36: Creación e posta en funcionamento do observatorio cidadá da cultura, co fin básico de vixilar e controlar as políticas culturais

## **3.2. Liña estratéxica 8: Descentralización**

3.2.1. **Liña de acción 15:** Visibilización da cultura nos barrios

- 3.2.1.1. Acción 37: Realización de roteiros culturais
- 3.2.1.2. Acción 38: Ampliación aos barrios dos festivais e programacións con participación municipal
- 3.2.1.3. Acción 39: Realización de programas específicos das unidades de produción municipais nos barrios

3.2.2. **Liña de acción 16:** Desestacionalización da actividade cultural

- 3.2.2.1. Acción 40: Establecemento dun límite máximo e mínimo de gasto en cultura por cuatrimestre para evitar a concentración nos meses de verán-outono.
- 3.2.2.2. Acción 41: Resituar no calendario algunhas actividades culturais

### **3.3. Liña estratéxica 9: Profesionalización**

3.3.1. **Liña de acción 17:** Fomento da independencia e autonomía dos equipamentos culturais de referencia

3.3.1.1 Acción 42: Revisión e actualización do modelo xurídico dos equipamentos culturais de referencia, centralizados no organismo que rexe o Auditorio de Galicia.

3.3.1.2. Acción 43: Convocatoria dun concurso público non só de méritos senón de proxecto a través dun contrato-programa para a dirección dos equipamentos de referencia

### **3.4. Liña estratéxica 10: Transversalidade**

3.4.1. **Liña de acción 18:** Fomento das accións culturais nas distintas áreas do goberno municipal

3.4.1.1. Acción 44: Creación dun programa de residencias de creación, investigación e innovación cultural nas escolas públicas da cidade

3.4.1.2. Acción 45: Implantar un programa de intervencións artísticas en lugares, zonas e elementos urbanos para levar as manifestacións contemporaneas da arte ás ruas e os barrios.

3.4.1.3. Acción 46: Elaboración de guías, e percorridos pola cidade ou proxectos de intervención cultural que diversifiquen a oferta da cidade promovendo aspectos xeralmente descoñecidos ou desatendidos de Compostela como o seu patrimonio contemporáneo, natural, científico, sonoro, etc.